

ACTUACIÓN: Operacións de Conservación e Mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025).

Clave: ATAU210101

ASUNTO: Xustificación da oferta presentada por S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, UTE ACCIONA MANTENIMIENTO -VIPECA y UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM.

De acordo co artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) “os órganos de contratación coidarán de que o prezo sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, atendendo ó prezo xeral de mercado, no momento de fixar o presuposto de licitación e a aplicación, no seu caso, das normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados”.

O artigo 149 da LCSP “Ofertas anormalmente baixas” indica que “cando se utilicen unha pluralidade de criterios de adxudicación, estarase ao establecido nos pregos que rexen o contrato, nos cales ha de establecerse os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos en que unha oferta se considere anormal, referidos á oferta considerada no seu conxunto.

Polo tanto, derívase da lexislación que debe coidarse de que o prezo do contrato sexa adecuado para o seu efectivo cumprimento, aplicando as normas sobre ofertas con valores anormais ou desproporcionados. O prego de cláusulas administrativas particulares recolle os parámetros obxectivos en función dos cales se pode apreciar que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormalmente baixos.

Incluindo a proposición que nos ocupa valores que de acordo co prego está incurso en presunción de anormalidade, deuse audiencia ao licitador para que “desglosen razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, ou de custes, ou calquera outro parámetro en base ao cal se definira a anormalidade da oferta”, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estes efectos” segundo o estipulado no LCSP e en particular, a xustificación non poderá ser incompleta ou fundamentarse en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico, e centrarse nos seguintes valores:

- ⑩ ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados u o método de construción
- ⑩ as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras
- ⑩ a innovación e orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras.
- ⑩ o respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo de mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 da LCSP
- ⑩ ou a posible obtención dunha axuda de Estado.

A documentación presentada pola empresa S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA basease nos seguintes argumentos:

- Os custos e prezos da oferta, así como os de subcontratación seguen sendo válidos.
- Experiencia extensa neste tipo de contratos.
- Ten os seus propios medios para a execución do contrato.

**Sobre as consideracións realizadas polo licitador**, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas, o resto son cribles pero ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique a man de obra e os prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificando.

A documentación presentada pola empresa UTE ACCIONA MANTENIMIENTO -VIPECA basease nos seguintes argumentos:

- Considerar a execución do contrato factible.
- Ofrece garantías complementarias para garantir o cumprimento do contrato.

**Sobre as consideracións realizadas polo licitador**, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas, o resto son cribles pero ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique a man de obra e os prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificando.

A documentación presentada pola empresa UTE ELSAMEX GESTIÓN-MARCONSA-NAROM basease nos seguintes argumentos:

- Experiencia na realización do servizo.
- Infraestruturas na zona.
- Coñecemento amplo da rede de provedores con prezos competitivos e axustados.

**Sobre as consideracións realizadas polo licitador**, podemos dicir que só estamos en disposición de analizar as consideracións que se encontran valoradas, o resto son cribles pero ao non estar cuantificadas, non se pode emitir un xuízo sobre elas e, polo tanto, darlle valor.

No relativo á xustificación presentada, a empresa non aporta a documentación necesaria que xustifique a man de obra e os prezos ofertados. Considerase, neste senso, que a xustificación é notoriamente insuficiente e non cumpre cos requisitos expresados na lexislación dado que nin xustifica a valoración da oferta nin precisa as súas condicións, ó limitarse o licitador a expresar razoamentos xerais que non parten dunha análise económica da súa oferta cun desglose axeitado e xustificado.

A tenor de todo o exposto, enténdese que, as empresas no cumpren coa carga que lle corresponde de xustificar que o prezo ofertado sexa axeitado para o efectivo cumprimento do contrato mediante a correcta estimación do seu importe, pois iso, obviamente, require a presentación da documentación suficiente para analizar a súa oferta e apreciar as súas condicións, custes, aforros, solucións técnicas para a execución material da prestación que motive suficientemente a mesma para acordar a súa aceptación. **Esta situación determina que non se entenda correctamente estimada e polo tanto inadecuada para o efectivo cumprimento do contrato nos termos do artigo 102 e 149 da LCSP.**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Juan Carlos Carballeira Rifón

Enxeñeiro de camiños, canais e portos